

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASISTENTES

Presidente: Jaime Barcia Rodríguez (*concelleiro delegado de Obras e Servizos*)

Vocais: José Antonio Meizoso Paz (*vocal, secretario-interventor do Concello da Capela*)
Josefina Fernández Ferreira (*vocal, funcionaria municipal*)
Jesús Franco Rodríguez (*funcionario municipal*)

Secretaria: Olga Galdo López (*funcionaria municipal*)

Día: 12 de marzo de 2018

Hora: 11:00 h.

Lugar: Salón de sesións da Casa do Concello

Orde do día:

1 Constitución da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela, modificada por acordo plenario do día 22 de febreiro de 2018.

2 Informe dos Servizos Técnicos Municipais sobre a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas SYR-AMG, S. L. U. e GR Construcciones, Obras y Servizos, S. L. U., correspondentes á licitación e contratación da obra denominada “**Pavimentación e iluminación de beirarrúas nas Neves**” (**POS+ 2017 Adicional 1/2017, 1ª fase**), expediente 2017/C003/000003.

3 Informe dos Servizos Técnicos Municipais sobre a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas SYR-AMG, S. L. U. e GR Construcciones, Obras y Servizos, S. L. U., correspondentes á licitación e contratación da obra denominada “**Obras de accesibilidade e pavimentación en beirarrúas na travesía das Neves**” (**PAS Adicional 1/2015**), expediente 2018/C003/000001.

DELIBERACIÓNS

1 Constitución da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela, modificada por acordo plenario do día 22 de febreiro de 2018.

Á vista de que tódolos membros compoñentes asisten á sesión, a Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela, modificada por acordo plenario do día 22 de febreiro de 2018 para dar cumprimento ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, quedou constituída.

2 Informe dos Servizos Técnicos Municipais sobre a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas SYR-AMG, S. L. U. e GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L. U., correspondentes á licitación e contratación da obra denominada “Pavimentación e iluminación de beirarrúas nas Neves” (POS+ 2017 Adicional 1/2017, 1ª fase), expediente 2017/C003/000003.

O presidente da mesa dá conta dos informes elaborados polo técnico municipal sobre a documentación xustificativa das baixas temerarias presentadas polas empresas SYR-AMG, S. L. U. e GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L. U., que lles foi requerida en data 22 de febreiro de 2018.

Ámbolos dous informes son desfavorables xa que, a xuízo do técnico municipal non poden terse por xustificadas ao non aportar nelas os datos necesarios para ter en consideración as ofertas segundo os criterios obxectivos contemplados no apartado 15.3.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

En consecuencia, a Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela propón, ao órgano de contratación competente (Alcaldía-Presidencia), que se adxudique o contrato da obra “**Pavimentación e iluminación de beirarrúas nas Neves**” á seguinte oferta máis económica, non incurso en baixa temeraria, que é a presentada pola empresa **Construcciones Siber Ordes, S. L.**, polo prezo de **39.715,04 €** (IVE incluído).

Os membros da mesa, por unanimidade, aproban a proposta de adxudicación

3 Informe dos Servizos Técnicos Municipais sobre a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas SYR-AMG, S. L. U. e GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L. U., correspondentes á licitación e contratación da obra denominada “Obras de accesibilidade e pavimentación en beirarrúas na travesía das Neves” (PAS Adicional 1/2015), expediente 2018/C003/000001.

O presidente da mesa dá conta dos informes elaborados polo técnico municipal sobre a documentación xustificativa das baixas temerarias presentadas polas empresas SYR-AMG, S. L. U. e GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L. U., que lles foi requerida en data 22 de febreiro de 2018.

Ámbolos dous informes son desfavorables xa que, a xuízo do técnico municipal non poden terse por xustificadas por non aportar nelas os datos necesarios para ter en consideración as ofertas segundo os criterios obxectivos contemplados no apartado 15.3.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a presente licitación.

En consecuencia, a Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela propón, ao órgano de contratación competente (Alcaldía-Presidencia), que se adxudique o contrato da obra “**Obras de accesibilidade e pavimentación en beirarrúas na travesía das Neves**” á seguinte oferta máis económica, non incurso en baixa temeraria, que é a presentada pola empresa **Construcciones Leonardo Miguélez, S. L.**, polo prezo de **20.462,31 €** (IVE incluído).

Os membros da mesa, por unanimidade, aproban a proposta de adxudicación

Sen máis asuntos sobre os que deliberar, o presidente da mesa da por finalizada a sesión ás 11:10 horas, de todo o cal eu, secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria